



CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Cultura, convoca 6 cursos de formación que se relacionan no anexo que acompaña esta convocatoria, dirixidos ao persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Esta convocatoria farase pública a través da páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal>.

1. Requisitos das persoas participantes

1.1. Poderán participar nas accións formativas convocadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o ano 2026 os empregados públicos e as empregadas públicas en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), destinados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou nas bibliotecas de arquivos e museos xestionados por esta Consellería. Ademais, deberanse cumprir os requisitos específicos establecidos para cada curso. No caso de vacantes, as prazas poderán cubrirse con persoal que non cumpra estes requisitos, tal como se sinala no apartado 3.

1.2. Non poden participar aquelas persoas que, sendo seleccionadas para a realización dunha actividade formativa na convocatoria de 2025, incumprisen a obriga á que se refire o apartado 5.

2. Solicitudes

O persoal que desexe participar nos cursos convocados debe cubrir o formulario de matrícula telemática que se publicará o 23/03/2026, ás 9.00 h., na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal>, sen que se admitan outros modelos de solicitude. No caso de ter que achegar documentación que acredite calquera das situacións que se contemplan nos puntos 1º e 2º do apartado 3.2 (epígrafe 3, "Selección"), esta deberá remitirse escaneada por correo electrónico ao seguinte





endereço, indicando o nome, apelidos e DNI na mensaxe: servizo.bibliotecas@xunta.gal. No asunto deberá consignarse "Formación RBG".

O prazo de presentación das solicitudes e, se é o caso, da documentación acreditativa, iniciárase o 23/03/2026, ás 9.00 h., e rematará o 01/04/2026, ás 23.59 h. As solicitudes ou a documentación acreditativa recibidas antes ou despois deste prazo non se terán en conta.

3. Selección

3.1. Na concesión dos cursos terase en conta a orde de prioridade establecida pola persoa solicitante no boletín de inscrición.

3.2. Para a selección dos aspirantes aplicaranse os seguintes criterios, de forma sucesiva, pola orde na que aparecen:

- 1º. Reservarase unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por parte de persoas que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 2º. A persoa solicitante que acredite estar gozando ou ter gozado nos últimos dous anos dunha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución da xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, terá dereito preferente a participar nesta oferta formativa.
- 3º. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza a persoa solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
- 4º. Terán preferencia as persoas solicitantes que realizaran o menor número de cursos durante os dous últimos anos (2024 e 2025), dos organizados pola consellería competente en materia de bibliotecas.
- 5º. En situación de empate, daráselle prioridade á data e hora de envío da solicitude.

3.3. Inicialmente, unha mesma persoa só será seleccionada para un único curso. No caso de que resulten prazas vacantes, poderá incrementarse a dous. Se aínda así quedasen prazas vacantes, atenderase aos criterios que se sinalan no punto seguinte:





3.4. No caso de existiren vacantes, cubriranse atendendo á seguinte orde:

1º. Persoas que, sendo empregadas públicas destinadas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou nas bibliotecas de arquivos e museos xestionados por esta Consellería, non cumpran cos requisitos específicos para o curso solicitado.

2º. Persoas que presten servizo nas bibliotecas da rede e non sexan empregadas públicas.

3º. Persoas con titulación universitaria en biblioteconomía, información e/ou documentación.

4º. Persoas que xa fosen seleccionadas en dous cursos.

4. Publicación das listaxes de admitidos

A Dirección Xeral de Cultura fará pública na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.gal>) unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como unha listaxe de reserva na que só se incluírán os nomes dos cinco primeiros solicitantes sen praza. No caso de que se produzan vacantes entre os titulares e se esgote a lista de agarda publicada, proseguirase co chamamento dos restantes solicitantes en reserva segundo os criterios establecidos nesta convocatoria. Así mesmo, publicarase con anterioridade ao comezo do curso, e a través desta mesma páxina web, a listaxe definitiva de persoas admitidas.

5. Obrigas

No caso de que a persoa admitida non poida realizar o curso, deberá comunicar a súa baixa cunha antelación mínima de sete días naturais antes do seu inicio. Igualmente, se nos sete días anteriores ao inicio do curso, ou unha vez comezado este, a persoa admitida non puidese realizalo por causas xustificadas, debe acreditar estas documentalmente ante o servizo competente da Dirección Xeral de Cultura. De incumprir estas obrigas de comunicación, non poderá participar na vindeira convocatoria de cursos do ano 2027, nin en calquera outra oferta de actividades formativas que se realice desde a Dirección Xeral de Cultura para o persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia durante este ano 2026, nin en 2027.

Esta penalización farase extensiva, de non acreditar documentalmente unha causa xustificada, a aquelas persoas que non completen o 50 % das tarefas propostas.





6. Certificados

Para a expedición do certificado de aproveitamento por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, o alumnado deberá superar as probas que estableza o persoal docente.

7. Resolución de dúbidas

En caso de dúbidas ou dificultades técnicas, as persoas interesadas poderán dirixirse ao CAU Periférico chamando ao 881 99 53 00, ou a través do enderezo de correo electrónico cau-periferico@xunta.gal

Santiago de Compostela,

O director xeral de Cultura,

Anxo M. Lorenzo Suárez





ANEXO

TECNOMANUALIDADES PARA DINAMIZAR OS ESPAZOS DA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

- Analizar os recursos dixitais e non dixitais dispoñibles na nosa biblioteca, axencia de lectura ou centro cultural.
- Coñecer as tecnoloxías e ferramentas dixitais accesibles de forma gratuíta que podemos empregar no noso espazo.
- Fusionar tecnoloxías coas actividades realizadas.
- Crear exemplos activos partindo de actividades cotiás.
- Ter as nocións dixitais suficientes para crear os exemplos de tecnomanualidades.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula Cesga.
Do 27 de abril ao 20 de maio.
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. O porto de partida. Conexión dixital.

- Como usamos a tecnoloxía na biblioteca?
- A tecnoloxía como medio, a lectura como fin.
- O estaleiro: caixa de ferramentas dixitais.

Módulo 2. Ondas de papel.

- O porto: xa se fai, xa o facemos.
- Inspirándonos nas lecturas. A IA ao servizo de todos.





- Origamis e recortables, como lles damos vida.
- Pop-up, do andel ao dixital.
- O barco dixital. Crear un barco de papel físico, ocultar textos na súa bodega e darlles vida.

Módulo 3. O navío das dúas bodegas. Catálogo dixital e analóxico.

- Coñeces ben os teus catálogos?
- A IA e as recomendacións.
- Os códigos QR como promotores de lecturas.
- AR, o camarote das sorpresas.
- Creación de marcapáxinas interactivos.

Módulo 4. Izando bandeiras. Book covers.

- Continentes de lecturas, as portadas dos libros.
- Elevando velas: portadas 2D e 3D.
- IA, papel e píxel, coloreando o mar.

Módulo 5. Rutas infinitas.

- Cartografía, un paseo pola biblioteca.
- O mapa do tesouro.
- Os mundos na biblioteca.
- Dimensións submarinas. Dados de realidade aumentada e virtual.

Módulo 6. A illa do cofre das tecnoletras.

- O mercado das actividades.
- A tasca dos autorrelatos. Historias en podcast.
- A pousada 3D, tesouros creativos.
- IA e creatividade, narracións de navegantes.
- O teatrillo, aventuras de piratas.
- Regreso ao porto.

Módulo 7. Travesía final. Contar, expoñer e resumir.





AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente.

DOCENTE

Joaquín Hernández Sánchez. Especialista en usabilidade tecnolóxica aplicada a bibliotecas e actividades culturais. Actualmente coordina programas formativos, imparte formación e diseña actividades que integran a tecnoloxía con fins educativos e de fomento da lectura.

Foi coordinador, asesor, deseñador e dinamizador do programa Read Maker nas bibliotecas municipais da Diputación de Badajoz. Ademais, realiza titorías personalizadas para a incorporación de aplicacións dixitais no traballo cotián do bibliotecario e nas actividades da biblioteca.

Conta con máis de 25 anos de experiencia na formación de profesionais de bibliotecas.





APLICACIÓNS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN BIBLIOTECAS

OBXECTIVOS

- Comprender as ferramentas de IA en contextos bibliotecarios: explorar as características de Perplexity, Elicit, NotebookLM e bots conversacionais, entendendo as súas aplicacións e beneficios nas bibliotecas.
- Desenvolver habilidades prácticas en IA: capacitar o persoal no uso e manexo destas ferramentas cun enfoque técnico e práctico, orientado á súa implementación eficaz nos servizos bibliotecarios.
- Enriquecer a experiencia do usuario: aprender a utilizar a IA para mellorar a busca de información, a interacción personalizada e a asistencia na investigación bibliográfica.
- Optimizar a creación e organización de contidos: instruír no uso da IA para organizar e xestionar recursos dixitais e para explorar fontes específicas de información propia.
- Adaptación ás necesidades locais: adaptar a implementación de ferramentas de IA segundo as necesidades e contextos específicos de cada biblioteca, optimizando a súa utilidade e alcance.
- Automatización de procesos: explorar o potencial da IA para automatizar tarefas rutinarias, permitindo ao persoal centrarse en actividades de maior valor para os usuarios.
- Educación en ética e privacidade da IA: formar o persoal no manexo ético e seguro destas tecnoloxías, asegurando que o uso da IA respecte a privacidade e os dereitos dos usuarios.
- Innovación nos servizos bibliotecarios: inspirar o persoal a explorar aplicacións creativas da IA para innovar e mellorar os servizos ofrecidos.
- Preparación para o futuro dixital nas bibliotecas: capacitar o persoal para adaptarse aos cambios tecnolóxicos vindeiros, mantendo as bibliotecas como centros de coñecemento actualizados.





DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula da Asociación Andaluza de Bibliotecarios.
Do 11 de maio ao 16 de xuño.
- Número de prazas: 30

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Introducción á intelixencia artificial en bibliotecas

Módulo 2. Buscas de información e curación de contidos

Módulo 3. Exploración e aprendizaxe de recursos

Módulo 4. Creación, xestión e edición de contidos

Módulo 5. Análise de datos

Módulo 6. Tendencias e outras ferramentas

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polos docentes.

DOCENTES

Wenceslao Arroyo Machado. Profesor no Departamento de Información e Comunicación da Universidad de Granada (UGR). Doutor en Tecnoloxías da Información e a Comunicación pola UGR, especializado en estudos da ciencia a través de medios sociais e problemas big data. Esta liña xorde como combinación dos seus estudos no Grao de Información e Documentación e o Máster Oficial en Ciencia de Datos e Enxeñería de Computadores, cun enfoque especial en Ciencia de Datos, ambos tamén na UGR. Desempeña unha participación activa no ámbito da investigación e durante os últimos anos contribuíu en EC3metrics na elaboración de informes institucionais e na docencia de cursos especializados. Esta sinerxia permitiulle incorporar técnicas novas nos





informes bibliométricos e propoñer metodoloxías prácticas na investigación. Forma parte da plataforma de formación de investigadores Yosigopublicando e da iniciativa InfluScience.

Daniel Torres Salinas. Profesor no Departamento de Información e Comunicación da Universidad de Granada (UGR). Licenciado en Humanidades, Documentación e Doutor en Documentación Científica. Foi bibliotecario, libreiro e desenvolveuse profesionalmente creando e dirixindo unidades de bibliometría, primeiro na Universidad de Navarra e logo na UGR. É membro do Grupo de Investigación EC3 e, actualmente, é consultor senior de EC3metrics spin-off. É responsable de dúas materias na Facultade de Tradución e Interpretación e participa en dous másters da UGR e un experto da Universidad Pablo de Olavide. Imparte e comparte en acceso aberto cursos sobre Bibliometría Evaluativa, Comunicación e Publicación Científica, Escritura Científica e Académica, Carrera Investigadora etc. É promotor da plataforma de formación de investigadores Yosigopublicando e da iniciativa InfluScience, dedicada a analizar a influencia e o impacto social da investigación. Desde 2023 ocupa a Coordinación para a Avaliación do Impacto Social no Vicerrectorado de Innovación Social, Empregabilidade y Emprendimiento da UGR.





XOGAR IMPORTA:

FICCIÓN DIXITAL INFANTIL E XUVENIL E MEDIACIÓN CULTURAL

OBXECTIVOS

- Entender os elementos que definen e caracterizan á ficción dixital infantil e xuvenil para facilitar a mirada crítica sobre as súas obras.
- Comprender os espazos de circulación destas novas formas de cultura dixital para poder navegalas con autonomía.
- Comprender as relacións da ficción dixital co resto de esferas culturais coas que se relaciona, que lle inflúen artisticamente e que axudan a enmarcarse como intérprete (literatura, literatura infantil, videoxogos, cinema, xogo analóxico...).
- Desenvolver mecanismos de discusión, valoración e interpretación ao redor da ficción dixital infantil e xuvenil.
- Comezar a reflexionar os modos de mediar este tipo de obras partindo da reflexión sobre as especificidades que ten a súa recepción actual por parte dos públicos infantís e xuvenís.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula Cesga.
Do 14 de setembro ao 8 de outubro.
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

- Se isto non vai de libros, de que vai? Un primeiro achegamento persoal ás propiedades que definen a ficción dixital infantil e xuvenil.
- Unha odisea no e-espazo. Circulación e crítica do espazo videolúdico.





- Valorar criticamente a ficción dixital e as súas formas de expresarse:
 - a) Todo conta: a importancia dos obxectos virtuais nas obras dixitais.
 - b) Mil maneiras de falar: o ecosistema multimedia na ficción dixital: linguaxe escrita, oral, son, imaxe, animación...
 - c) Romper a liña. Que pasa cando os textos deixan de estar ordenados?
 - d) Xogar conta. A interactividade como forma de comunicar.
- O outro lado da pantalla: recepción, experiencia e construción de sentido na infancia e adolescencia.

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente.

DOCENTE

Lucas Ramada Prieto. Doutor internacional especializado no estudo de formas dixitais de ficción infantil e xuvenil e a súa mediación cultural pública. Desde esa posición, parte do seu labor nos últimos anos foi a de investigar, deseñar e poñer en práctica proxectos nos que acompañar ás bibliotecas e as súas traballadoras na complexa tarefa de estender os seus obxectivos de facilitación cultural cara aos terreos do videoxogo, tanto desde a formación e capacitación do persoal como desde a posta en marcha de espazos de xogo autónomo para públicos infantís e xuvenís.

Ficció en Joc, o programa institucional de clubs de xogo infantoxuvenís desenvolvido dentro do marco da Gerència de Serveis de Biblioteques da Diputació de Barcelona, as áreas de cultura videolúdica de bibliotecas como a Pilarín Bayés de Vic ou a Pompeu Fabra de Mataró son algúns dos proxectos coordinados polo investigador que servirán como exemplo dos retos e os horizontes posibles desta liña de desenvolvemento.





FORMACIÓN EN ACCESIBILIDADE E ATENCIÓN INCLUSIVA PARA GARANTIR O ACCESO, USO E PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

OBXECTIVOS

- Identificar os principios básicos da accesibilidade universal e o marco normativo actual.
- Recoñecer os distintos tipos de discapacidade e as súas necesidades, comprendendo como poden influír no acceso ás bibliotecas.
- Analizar as barreiras físicas, comunicativas e cognitivas que poden atopar as persoas con discapacidade nunha biblioteca pública.
- Aplicar pautas de atención inclusiva e trato axeitado na interacción con persoas con discapacidade.
- Utilizar estratexias de comunicación accesible adaptadas a diferentes necesidades (visual, auditiva, cognitiva ou intelectual).
- Diseñar ou adaptar servizos e actividades bibliotecarias inclusivas que favorezan a participación de persoas con discapacidade.
- Coñecer os fondos documentais accesibles e as adaptacións existentes segundo as necesidades das persoas con discapacidade.
- Descubrir ferramentas tecnolóxicas, recursos de apoio e aplicacións de intelixencia artificial que contribúan a mellorar a accesibilidade nas bibliotecas.
- Integrar a accesibilidade como criterio transversal na planificación e xestión dos servizos, actividades e fondos documentais nas bibliotecas.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula CESGA
Do 26 de outubro ao 20 de novembro
- Número de prazas: 25





DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Conceptos básicos e marco normativo

- Conceptos básicos.
- Marco normativo internacional e estatal.

Módulo 2. Tipos de discapacidade e necesidades funcionais

- Discapacidade física e mobilidade reducida.
- Discapacidade visual e baixa visión.
- Discapacidade auditiva e baixa audición.
- Discapacidade intelectual e cognitiva.
- Outras situacións que requiren adaptacións.

Módulo 3. Accesibilidade centrada nas persoas con discapacidade física e mobilidade reducida

- Accesibilidade arquitectónica.
- Servizos bibliotecarios.
- Actividades inclusivas.
- Ferramentas e recursos de apoio.
- Comunicación e trato.

Módulo 4. Accesibilidade centrada nas persoas con discapacidade visual e baixa visión

- Accesibilidade arquitectónica.
- Servizos bibliotecarios.
- Actividades inclusivas.
- Fondos documentais accesibles.
- Ferramentas e recursos de apoio.
- Comunicación e trato.





Módulo 5. Accesibilidade centrada nas persoas con discapacidade auditiva e baixa audición

- Accesibilidade arquitectónica.
- Servizos bibliotecarios.
- Actividades inclusivas.
- Fondos documentais accesibles.
- Ferramentas e recursos de apoio.
- Comunicación e trato.

Módulo 6. Accesibilidade centrada nas persoas con discapacidade intelectual e cognitiva

- Accesibilidade arquitectónica.
- Servizos bibliotecarios.
- Actividades inclusivas.
- Fondos documentais accesibles.
- Ferramentas e recursos de apoio.
- Comunicación e trato.

Módulo 7. Outras situacións que requiren adaptacións

- Trastornos do espectro do autismo.
- Trastornos de saúde mental.
- Discapacidades invisibles.
- Xestión de situacións complexas.

Módulo 8. Intelixencia artificial como ferramenta de apoio á accesibilidade nas bibliotecas

- Conceptos básicos sobre intelixencia artificial e automatización aplicadas aos servizos públicos.
- A IA como ferramenta de apoio á eliminación de barreiras comunicativas e cognitivas.
- Aplicacións prácticas nas bibliotecas públicas.
- Criterios básicos para unha implementación responsable e accesible.





AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente.

DOCENTE

Susana Peix Cruz. Bibliotecaria, escritora e especialista en accesibilidade universal e acceso á lectura. É diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola Universitat de Barcelona, cun posgrao en Accesibilidade e Deseño para Todas as Persoas (UIC) e un máster en Accesibilidade para Smart City (UJA-ONCE).

Conta, ademais, con formación especializada en accesibilidade dixital, fondos bibliográficos inclusivos, atención accesible, lingua de signos e lectura fácil. Forma parte do equipo docente do Posgrao de Llibrería da Facultat de Biblioteconomía i Documentación da UB e participou na actualización da norma UNE 170002 sobre sinalización accesible.

Colabora no proxecto *Biblioteques inclusives* da Generalitat de Catalunya e realiza formacións sobre accesibilidade en bibliotecas para numerosas redes de bibliotecas públicas en España. Participou como relatora en congresos e xornadas internacionais sobre bibliotecas inclusivas e accesibilidade. Como autora, publicou preto de noventa libros, varios deles adaptados a diferentes necesidades lectoras e vinculados a proxectos de lectura accesible.





PENSAR ANTES DE COMPARTIR: ESTRATEXIAS DE ALFABETIZACIÓN CRÍTICA

OBXECTIVOS

- Identificar os distintos tipos de desinformación e as motivacións subxacentes á súa creación.
- Comprender o ciclo da desinformación e como se propaga nas redes.
- Dominar técnicas de lectura lateral e de busca avanzada para a verificación de feitos (fact-checking).
- Analizar o impacto dos algoritmos e da IA na amplificación de noticias falsas.
- Comprender os sesgos cognitivos que facilitan a aceptación de contidos manipulados.
- Planificar e poñer a proba actividades de alfabetización mediática e informacional adaptadas a diferentes públicos.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula CESGA
Do 5 ao 30 outubro
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1: O fenómeno da desinformación

- Concepto de desorde informativa, desinformación, mala información e información incorrecta (*misinformation/disinformation/malinformation*).
- Democratización do acceso e da produción da información.
- Concepto e características de noticia e de noticia falsa.
- Feitos vs. opinións.





- Tipos de desinformación, *deepfakes* e contido sintético.
- Motivacións para a desinformación.
- O ciclo da desinformación.
- Consecuencias da desinformación.
- Exercicios prácticos / Planificación de actividades (p. ex., grella para análise de noticias: feitos vs. opinións; identificación de tipos de desinformación).

Módulo 2: Algoritmos e burbullas informativas

- Algoritmos nas redes sociais.
- Burbullas informativas.
- Romper e/ou adestrar o algoritmo.
- Exercicios prácticos / Planificación de actividades.

Módulo 3: Mecanismos psicolóxicos da desinformación

- Preguiza cognitiva.
- Sesgo de confirmación.
- Efecto de verdade ilusoria.
- Drama.
- Efecto Dunning-Kruger.
- Economía da atención.
- Exercicios prácticos / Planificación de actividades.

Módulo 4: Técnicas de manipulación en liña (*prebunking*)

- Linguaxe emocional.
- Chibo expiatorio.
- Falsos expertos.
- Descontextualización.
- Falsa identidade.
- Outras técnicas.

Módulo 5: Intelixencia artificial e desinformación





- A IA como xeradora de desinformación.
- A IA como amplificadora de desinformación.
- A IA para combater a desinformación.
- Circularidade da información.
- Ética no uso da IA.

Módulo 6: Estratexias avanzadas de detección e verificación

- Lectura lateral.
- Busca avanzada e operadores booleanos.
- Busca inversa de imaxes; detección de imaxes e vídeos sintéticos.
- Laboratorio de fact-checking: resolución de casos reais con ferramentas de busca avanzada, busca inversa de imaxes e análise de vídeo.

Módulo 7: Intervención pedagóxica e mediación en bibliotecas

- Deseño de actividades: creación e presentación de obradoiros para diferentes públicos.
- Avaliación e sustentabilidade: instrumentos simples de avaliación de impacto; estratexias de continuidade (clubes de alfabetización mediática, ciclos de obradoiros, alianzas locais).

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente.

DOCENTE

Márcia Castro. Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade do Minho, posúe un posgrao en Ciencias da Información e da Documentación pola Facultade de Filosofía de Braga, con especialización en xestión da información, organización e implementación de bibliotecas e promoción da lectura. A súa traxectoria académica e profesional centrouse no ámbito das bibliotecas, a alfabetización informacional e mediática, a promoción da lectura e a formación de públicos, con especial énfase no desenvolvemento do pensamento crítico en contextos educativos e culturais.





Desde 2011 desempeña o posto de técnica superior de biblioteca no Concello de Vizela, onde conta cunha ampla experiencia en promoción lectora, dinamización cultural e formación. Nos últimos anos destacou por liderar o proxecto “Noticias falsas: pensar antes de partilhar”, unha iniciativa centrada na sensibilización fronte á desinformación e no fomento dunha cidadanía crítica que integra o traballo das bibliotecas coa educación mediática e a participación cívica.





O PRÉSTAMO DIXITAL NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS.

A REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

OBXECTIVOS

- Coñecer e comprender a tecnoloxía empregada nos servizos de préstamo electrónico (formatos de arquivos, sistemas de xestión de dereitos dixitais etc.).
- Aprender a manexar as plataformas de préstamo dixital da Rede de Bibliotecas Públicas (préstamo, descarga, transferencia, apps etc.).
- Capacitar o persoal bibliotecario para dar resposta ás dúbidas e incidencias dos seus usuarios en relación co servizo de préstamo dixital.
- Tomar conciencia das vantaxes e limitacións dos servizos de préstamo electrónico nas bibliotecas públicas.
- Coñecer ideas e ferramentas para a difusión do préstamo dixital.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 20 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula CESGA
Do 16 de novembro ao 10 de decembro
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1: A tecnoloxía.

- Tipos de formatos de arquivos.
- Dispositivos.
- Modalidades de lectura.
- Plataformas de lectura.





Módulo 2: O préstamo dixital nas bibliotecas públicas.

- A evolución dos servizos de préstamo dixital nas bibliotecas públicas.
- As modalidades de adquisición de contidos.
- O uso xusto e a preservación da privacidade.
- O acceso ao libro electrónico.
- A usabilidade das plataformas.
- O persoal bibliotecario.
- Situación dos servizos de préstamo dixital nas bibliotecas públicas españolas.

Módulo 3: De que falamos cando falamos de GaliciaLe?

- Que é GaliciaLe?
- A xestión dos usuarios.
- O Catálogo galego de préstamo electrónico.
- eBiblio Galicia.

Módulo 4: Convertirnos en usuarios para axudar os nosos lectores.

- Instalar ADE e Thorium Reader.
- Prestar, devolver, reservar.
- Descargar e transferir.
- Acceder aos contidos en *streaming*.
- Manexar as apps de GaliciaLe.

Módulo 5: Socorro, unha incidencia!

- Atención as dúbidas dos nosos usuarios.
- Atención as incidencias dos nosos usuarios.
- Ciclo de vida das incidencias.
- Que información debemos aportar cando abrimos una incidencia.

Módulo 6: Como difundir o servizo de préstamo dixital.

- A dinamización da lectura dixital.
- Ideas e boas prácticas para fomentar a lectura dixital.





AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente.

DOCENTE

Elena Sánchez Muñoz. Facultativa Superior de Bibliotecas. Actualmente traballa no Servizo de Bibliotecas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, da Xunta de Galicia, onde desenvolve tarefas de xestión das plataformas de préstamo dixital de GaliciaLe (Catálogo galego e eBiblio Galicia) e adquisición de contidos electrónicos.

Doutora especializada en lectura dixital pola Universidad de Salamanca e Premio Extraordinario de Doutoramento, licenciada en Documentación pola UOC (Universitat Oberta de Catalunya) e en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela. É autora de varias publicacións sobre a lectura dixital e os servizos de préstamo electrónico nas bibliotecas públicas. Foi profesora colaboradora do Máster Universitario Online en Documentación Digital da Universitat Pompeu Fabra entre 2018 e 2021 e impartiu cursos sobre xestión da colección, expurgación e bibliotecas dixitais en administracións autonómicas e asociacións profesionais.

Coordinou o Grupo de Trabajo de Seguimiento del Préstamo del Libro Digital (Consejo de Cooperación Bibliotecaria, do Ministerio de Cultura) entre 2019 e 2023 e, actualmente, forma parte do Grupo de Trabajo de eBiblio.

